



go: A Bailarina do Povo', salientan que Dora Vivacqua era espelida abondo como para saber que o mellor atallo para a celebridade está no escándalo. «A primeira metade dos anos 50 foran os anos de Luz del Fuego. Todos coñecían a vedette que enlouquecía o Brasil e ocupaba frecuentemente as capas de xornais e revistas —a Life estadounidense, por exemplo—, xa fose nas seccións de espectáculos, xa fose nas páxinas policiais, o seu nome sempre estaba alá. A exótica Luz del Fuego era garantía certa de billeteira. Principalmente, nos sábados á

tarde, cando a platea estaba composta, na súa maior parte, de fusileiros navais, estibadores, gardas civís e pequenos funcionarios. As súas actuacións levaban as masas ao delirio», escriben as biógrafas.

Ela aproveitou o tirón para crear o Partido Naturista do Brasil (PNB) —'Menos roupa e máis pão', era o lema— e teríase presentado á presidencia do Goberno se o seu irmán Attilio non impedise a legalización da nova formación política. Non se arredou e argallou accións individuais de guerrilla urbana, como descargar toda

a munición dos dous pistolóns que levaba pendurados do corpo, na Gran Gala do Entroido de Río, ao berro de: «Non son a noiva do Brasil! Eu son a noiva pistoleira!».

Con todo, o PNB logra ser rexistrado pola Federación Internacional de Naturismo da República Democrática Alemá (RDA), á vangarda do nudismo mundial, e as influencias de Luz del Fuego permítenlle obter en concesión da Marinha brasileira a Ilha Tapuama de Dentro, que se convertería na colonia nudista utópica da Ilha do Sol. Recibiría a Brigitte Bardot e Steve MacQueen, a Errol Flynn e Lana Turner, a Ava Gardner, Glenn Ford e César Romero, e pecharíalle as portas a Jayne Mansfield porque só estaba disposta a facer top-less.

Co golpe militar de 1964 o tempo de Luz del Fuego esgótase. Ela e os seus activismos trasladáanse á Ilha do Sol. Ocorreselle pedir contas pola sobrepesca na zona. O garda portuario Hélio Luís, o derradeiro ex amante de Dora Vivacqua, alerta de que faltan ela e máis o caseiro Edgar. Doce días despois, Alfredo Teixeira Dias e Mozart 'Gaginho' Dias admiten os asasinatos. «Luz del Fuego denunciounos; foi vinganza».

LUZ DEL FUEGO

Javier Montes

Editorial Anagrama Páxinas 272 Prezo 18,90€



Dora Vivacqua deu a vida por encarnar o mito de luz do lume: guerreira sen anteface e vengadora sen máscara, heroína ou vilá, amada ou odiada por todo o Brasil. Escribiu novelas malditas, fundou partidos políticos e illas utópicas. Bailou con serpes e xogou con lume para hipnotizar a un país enteiro: unha Lilith moderna e radicalmente libre, unha muller de acción cuxas ideas brillan hoxe con máis luz que nunca.